

INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA

- Cubrirese TÓDOLOS IMPRESOS con LETRA CLARA (EN MAIÚSCULAS) e con bolígrafo.
- Enviar ao correo electrónico matricula.cmus.xanviano@edu.xunta.gal a seguinte documentación, segundo a súa condición:

1.- ALUMNOS XA MATRICULADOS NO CENTRO NO CURSO ANTERIOR:

- Impreso de matrícula
- Impreso de liquidación de prezos públicos, non terán que aboar a taxa por "apertura de expediente".
- Información para configuración de horarios: Deberán cubrir o formulario correspondente a estes datos na aplicación CENTROSNET, se o formulario está sen cubrir entenderase que o/a alumno/a non ten preferencias para a configuración dos horarios.
- Fotocopia do DNI ou do libro de familia
- Unha foto carné co nome, apelidos e curso no que fai a matrícula.

2.- ALUMNOS QUE SE INSCRIBEN POR PRIMEIRA VEZ NO CENTRO:

- Impreso de matrícula
- Impreso de liquidación de prezos públicos, terán que aboar a taxa por "apertura de expediente".
- Impreso para configuración de horarios
- Fotocopia do DNI ou do libro de familia
- Unha foto carné co nome, apelidos e curso no que fai a matrícula.

PAGAMENTO DA MATRÍCULA

Antes de formalizala matrícula deberase aboar o importe da mesma en calquera das entidades financeiras que irán indicadas nos impresos. Sen este xustificante de pago non se admite a matrícula.

O pago pode ser telemático (información na páxina web do conservatorio) ou co impreso que acompaña á matrícula en calquera entidade financeira das que indica.

Os alumnos poderán aboala totalidade dos prezos públicos no momento de formalizala matrícula, ou ben fraccionalo pagamento en dous prazos: 50% da taxa de matrícula curso completo, e o 100% dos servizos xerais e apertura de expediente académico no momento de formalizala matrícula e o resto durante o mes de xaneiro. En todo caso, deberá indicarse no impreso correspondente a opción elixida. A falta de pagamento do segundo prazo dos prezos públicos, cando se opte por fraccionar este, producirá automaticamente a anulación da matrícula en tódalas disciplinas e suporá a perda das cantidades correspondentes ao primeiro prazo dos prezos públicos. O xustificante de ter realizado o pago (Exemplar para o órgano xestor) deberá presentarse no centro durante os prazos correspondentes.

Só poderá ser fraccionada a contía referida ao concepto de matrícula curso completo

Os alumnos que paguen a totalidade dos prezos públicos nun só pago só terán que cubrir e entregar o impreso de "liquidación prezos publicos", os que fraccionen o pagamento da matrícula terán que cubrir e entregar ademais o impreso "pagamento fraccionado de matrícula".

No impreso de liquidación prezos públicos cubrir na delegación o código 11, no apartado B) ALUMNOS/CONCEPTOS, código: 350700: Enseñanzas de Música e de Danza marcar o grao correspondente.

A liquidación de prezos públicos tamén o pode facer online, xuntando o xustificante á documentación a presentar no centro, información pago online (pax web do centro, menú secretaría):

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusxanviano/?q=system/files/INSTRUCCIONES%20PAGO%20TELEMA%20MATR%20CURSO.pdf>

Aplicación de bonificacións e exencións de prezos públicos:

1.- BOLSEIROS (Grao profesional). Consultar convocatoria Ministerio de Educación (www.educación.es):

- Non aboarán cantidade ningunha. Cando esta bolsa lle sexa concedida terán que presentar no centro a súa credencial de bolseiro, no caso de non resultar beneficiario o alumnado deberá aboar os prezos correspondentes á matrícula, á apertura de expediente, se fose o caso e aos servizos xerais. No caso de non efectuar o pago procederase á anulación da matrícula en todas a materias, e a todos os efectos.

2.- MATRÍCULA DE HONRA (Específico do Grao Profesional, consta na papeleta de cualificacións de xuño coas siglas MH): Se un alumno ten matrícula de honra nunha ou mais disciplinas terá dereito á matrícula gratuíta no mesmo número de materias do curso seguinte, sempre que sexan de nova matriculación e das mesmas ensinanzas.

3.- FAMILIA NUMEROSA:

- Deberá facilitar xunto co impreso de matrícula a copia do título de familia numerosa actualizado. (Unha copia por alumno).
- F. Numerosa Categoría Xeral: desconto do 50% nos prezos públicos.
- F. Numerosa Categoría Especial: gratuíta

4.- DISCAPACIDADE:

Os alumnos cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% están exentas do pagamento dos prezos públicos (acreditación con copia compulsada do certificado ou resolución sobre o recoñecemento do grao de discapacidade)

5.- VÍTIMAS DE ACTOS TERRORISTAS:

As vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos están exentos do pago dos prezos públicos, a acreditación desta condición deberase realizar documentalmente ao formalizar a matrícula

6. VIOLENCIA DE XÉNERO:

Quedan exentas de pagamento as alumnas que sufran violencia de xénero e tamén quedará exento o alumnado cuxas proxenitoras a sufran, a acreditación desta condición deberase realizar documentalmente ao formalizar a matrícula

7.- FUNCIONARIOS/AS DOCENTES

Estan exentos/as do aboamento dos prezos públicos os alumnos que sexan funcionarios/as dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educ. (Dec. 89/2013):

- Presentarán Certificación da Consellería de Cultura , Educación e O. U., onde se fará constala súa CONDICIÓN DE PERSOAL EN ACTIVO. (Estes alumnos soamente aboarán os “servizos xerais” e apertura de expediente se corresponde).

CONDICIÓN DE MATRÍCULA

- A cualificación negativa en grao elemental de dúas ou máis materias impedirá a promoción do alumno ao curso seguinte, debendo repetir curso. En 4º curso soamente se repetirá a materia suspensa se esta é só unha.
- A cualificación negativa en grao profesional de tres ou máis materias impedirá a promoción do alumno ao curso seguinte, debendo repetir curso. En 6º curso soamente se repetirán as materias suspensas se estas non son máis de dúas.
- Os alumnos con materias pendentes deben matricularse no curso ao que promocionan e nas materias pendentes.
- No suposto de materias pendentes os alumnos deberán asistir tamén ás clases da materia non superada, se é instrumental asistirá a clase do curso seguinte, no resto irá a clase do curso non superado.
- En ningún caso os alumnos poderán permanecer máis de CINCO ANOS no grao elemental e OITO ANOS no grao profesional, así mesmo o alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso.
- Os alumnos que desexen presentarse a un cambio de especialidade instrumental, poderán facelo sempre que concorran á proba de acceso a un curso superior ao cal estivesen matriculados.

RENUNCIA DE MATRÍCULA

Calquera alumno oficial poderá solicitar á Dirección do Conservatorio a renuncia da matrícula ao longo do curso. A devandita renuncia de matrícula suporá a perda da condición de alumno oficial.

As renunciacións de matrícula non suporán devolución de taxas.

ACTIVIDADES ESCOLARES

Os alumnos oficiais estarán obrigados a asistir a aquelas actividades que se programen (concertos, conferencias, audicións, etc.) para mellorar o seu nivel académico.

A MATRÍCULA NO CONSERVATORIO SUPÓN A ACEPTACIÓN DESTAS NORMAS

BACHARELATO MUSICAL: Orde do 15 de maio do 2001 (DOG nº 123 do 26 de xuño de 2001), artigo 19 do Decreto 203/2007 (DOG do 31 de outubro de 2007)

A DIRECCIÓN